

# INFORME/RESUMO PLENO DO COMITÉ DE EMPRESA DE 29 DE SETEMBRO DE 2006

Orde do día:

Actas

Informe das Comisións

Gratificación de Conducir

Tarefas Extraordinarias

Varios:

Fondos Sociais

ooooooooooooOOOOOOOOOOoooooooooooo

## **Actas:**

Apróbanse as actas 27 e 28.

## **Informe das Comisións:**

### Comisión de Formación

Segundo a Comisión Central de Formación a Escola de A Coruña é unha das que se mantén. De momento seguiranse tratando os temas de Formación na Comisión de Xestión e tamén haberá que tratar como se prevé a Escola de persoal.

### Comisión de Seguridade e Saúde Laboral

Non chegou a celebrarse a xunta ó non aceptar a Representación Social celebrala sen varios dos responsables convocados.

*Coméntase para trasladar á Comisión de SSL o accidente dun compañeiro de Santiago cun vehículo sen ABS nin Airbag , xa que os vehículos que viñeron para aquí cambiáronos cos vellos de Sevilla porque non tiñan ar acondicionado.*

### Comisión de Xestión

Técnicos CNAI: quedou o tema aprazado ata a próxima porque non estaba Freire.

Pemes: trátase o tema da xornada continuada en Xullo e Agosto para que o próximo ano non pase como este que o persoal non soubo ata o momento final se ía facer a xornada continuada ou non.

Sobre o correo do Director que trataba da operativa do Centro, a Sra. Goas manifestou o seu apoio ós compañeiros de Comercial en caso de reclamación de clientes se houbo unha acción comercial lícita.

Manifesta tamén que hai un exceso de traballo e que ten solicitado 4 asesores, e comprometeuse a trasladar a petición de que os Administrativos poidan tramitar por delegación usando claves persoais propias para entrar nas Aplicacións sen coñecer as dos Asesores.

Cambios de acoplamento, traslados, convocatorias: segundo a empresa non hai previstos cambios de acoplamento voluntarios. Trátase a incorporación de 3 traballadores de Telefónica Data a Tesau que non foron comunicados ó Comité e un dos cales pasou a Enxeñería Planta Interior para onde hai peticións de cambio de acoplamento.

*Acórdase enviar escrito á empresa rexeitando o proceso no que se saltaron as competencias da Comisión Provincial de Xestión, solicitándolle tratar o tema.*

Negocios e profesionais: Tratarase a aplicación na Coruña do acordo da Mesa de Comercial sobre modificacións nas quendas.

*Estando previsto que visite A Coruña o Director Xeral de Pemes, Negocios e Profesionais, solicitarase por escrito unha xunta con el para tratar os temas da súa área.*

### **Gratificación de conducir:**

Preséntase pola UTS a seguinte proposta

#### ASUNTO: GRATIFICACIÓN POR CONDUCCIÓN

La nueva ley 17/2005, de 19 de julio, por la que se regula el permiso de conducción por puntos ya está en vigor, afectando a los empleados que tienen su permiso de conducción al servicio de la empresa. La gratificación por esa disponibilidad, sin embargo, está congelada desde el año 1992.

Telefónica, cuando en su momento valoró la gratificación de conducir, lo hizo en un entorno social y económico que nada tiene que ver con el actual, en el que la situación de los conductores es más complicada.

Por todo ello, desde este comité provincial queremos mostrar nuestro apoyo a la propuesta hecha en la Comisión de Negociación Permanente (05 de julio de 2006) de incrementar en un 75% el complemento por conducción.

Presentaraa no seguinte Pleno, esperemos que aportando previamente a documentación que cita.

### **Tarefas Extraordinarias:**

CIG presentamos tres propostas que foron aprobadas por unanimidade:

- 1.-Asinar con reparo os informes de Horas Extraordinarias se non inclúen as realizadas como Tarefas.
- 2.-Enviar escrito á empresa, a consensuar na Permanente, rexeitando o emprego das Tarefas Extraordinarias para a realización do traballo que se está a facer.
- 3.-Enviar comunicado ós traballadores, a consensuar na Permanente, rexeitando as Tarefas

### **Varios:**

#### Fondos Sociais

Infórmase do remate do prazo de presentación de presupostos, e informarase na próxima Permanente de tódolos recibidos.

O reparto de cantidades decidirse en Xaneiro.

oooooO00000Oooooo